



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 23/12/08:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado día 8 de decembro veciños e veciñas de Figueirido, Postemirón e Bértola, xunto cos da parroquia de Salcedo, manifestáronse diante da sede da Brilat como protesta pola imposición, por parte do Ministerio de Defensa, do perímetro de seguridade de dita instalación.

A manifestación era un acto que estaba dentro da legalidade xa que fora comunicada en tempo e forma á Subdelegación do Goberno do estado en Pontevedra.

Durante o transcurso da mobilización, membros da Policía Militar interviron violentamente contra os manifestantes fóra do recinto militar, ocasionando feridas a unha muller, entre outros. A intervención violenta produciuse nun contexto de reivindicación pacífica por parte dos alí manifestantes.

A Policía Nacional tamén impediu que os manifestantes se congregasen no lugar previsto na petición escrita, violando o dereito básico de reunión. Para isto empregou a forza e empurrou e golpeou a varios dos asistentes

Por todo isto, **SOLICITA:**

- 1. O Concello de Vilaboa manifesta a súa máxima condena ao uso da violencia por parte da Policía Militar e Policía Nacional durante o transcurso da manifestación celebrada o día 8 de decembro.**
- 2. O Concello de Vilaboa presentará unha queixa formal ante o Ministerio de Defensa e Ministerio de Interior, solicitando que se depuren as responsabilidades polo acontecido a que houbese lugar.**

Vilaboa, 15 de decembro de 2008

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA